

**ANUNCIO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO CONCURSO ESPECÍFICO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE LETRADO NA ASESORÍA XURÍDICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**


A Comisión de Valoración do concurso específico para a cobertura dun posto de letrado na Asesoría Xurídica do concello de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o 13/09/2021, acordou:

**1º.** Rexeitar as alegacións presentadas Juan Esteban Méndez Leiva contra a valoración realizada pola Comisión de Valoración do concurso específico para a cobertura dun posto de Letrado na Asesoría Xurídica que foi publicada no taboleiro de edictos e na web municipal o 05/08/2021 polos seguintes motivos:

- Respecto das dúas primeiras alegacións, ao referirse a cuestións xa resoltas por esta Comisión de Valoración na súa sesión de data 4/08/2021, non cabe facer ningún pronunciamento, sen prexuízo da posibilidade de reproducir tal cuestión en caso de recorrer a resolución definitiva do concurso.
- No tocante á terceira alegación, os servizos prestados como licenciado en dereito en prácticas (asesor xurídico) no Servizo Provincial de Recadación da Deputación da Coruña, a Comisión considera que non pode terse en conta como “traballo desenvolvido” ao non tratarse dun posto de traballo incluído na escala de letrados da dita Administración local.

**2º.** Aprobar a puntuación final do concurso e a orde dos aspirantes para a cobertura do posto de traballo, resultando:

Aspirante	Grao persoal consolidado	Traballo desenvolvido	Formación	Titulación /Doutoramento	Antigüidade	Memoria	<b>Total</b>
Iñaki Bilbao Castro	13	8	20	0	30	20	<b>91</b>
Berta Rosón López	13	0	20	0	30	15	<b>78</b>
Juan Esteban Méndez Leiva	13	0	20	0	30	10	<b>73</b>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**3º.** Propoñer o nomeamento de Iñaki Bilbao Castro para o posto de letrado na Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela por ser o aspirante que acadou a maior puntuación no procedemento para a provisión do posto de traballo.

De conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contra os anteriores acordos os interesados poderán presentar recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio, ante a Comisión de Valoración ou o seu superior xerárquico.